

DÁLLE LUME

Dálle lume é o novo programa de Falamelide, a radio natural, a radio do instituto de Melide que sintonizaredes no 90.5 de f.m.

Como non, este programa trata de temas moi polémicos hoxe en día, como son: o alcohol, o botellón, o tabaco, as drogas, o shopping, os cornos, o sexo... en fin, un sen fin de cousas que hoxe en día nos afecta á maioría dos estudantes, entre os que nos incluimos todos os compoñentes deste programa, tanto os locutores como os que están nos controis.

Este programa non era planeado, senón que se elixía un tema que nos parece interesante aos compoñentes do grupo, e a continuación debatíamos sobre el sen ningún tipo de planificación. Todo isto ocorríase en directo, e, como non, chamáronnos a atención.

Como vedes estaba a falar en pasado porque a partir desta chamada de atención tivemos que dar un novo pero pequeno cambio ao programa.

Se escoitades os novos programas poderedes comprobar como seguen sendo parecidos, pero terán unhas bases para poder falar mellor do tema en cuestión sen que haxa tantos berros e sen que tampouco nos desviemos tanto do tema, pero tamén unha persoa estará de mediadora para frearnos os pés cando nos metamos nunha discusión moi grande, e así esta non pase a maiores como ocorreu nalgún programa pasado.

Pero tranquilos porque

os temas en cuestión seguirán sendo igual de aloucados e seguirá habendo moitas cousas en directo, porque non deixarán de ser debates, e sempre haberá frases como din en saber vivir: "unha copíña de viño ao día é boa" e cousas polo estilo, porque os locutores non imos cambiar, e esa espontaneidade ninguén nola vai sacar, así que a quen non lle guste que cambie de emisora.

Por iso, se vos gustan os programas modernos, sen ningún tipo de tapuxos e con locutores un pouco pasados de rosca, sen dubida ningunha este é o voso programa, porque poucos programas son iguais.

Os locutores son os seguintes:

Alba Penas como Afrodita: deusa grega, deusa do amor e a beleza

Iván Mosteiro como Ares: deus grego, deus da guerra

Manuel Fernández como Baco: deus romano, deus do viño, festas orxías.....

Virginia Fociños como Venus: deusa romana, deusa do amor e da beleza

Eduarne Suarez como Cibeles: romana, nai dos deuses

E nos controis: Iván García como Zeus: deus supremo



A Iván, como é quen está nos controis dirixindo, quedalle que nin pintado o de Zeus, pero tamén está David, o noso profe de música, que a ver se nos aproba a todos, e, como non, o noso querido Paco que é quen dirixe o cotarro por se nos pasamos máis da conta.

Podes mandar as túas suxestións a falamelidedallelume@hotmail.com, aí poderás dedicarlle unha canción a esa persoa querida, opinar sobre algún dos programas, darnos o teu punto de vista, suxerir un tema para o seguinte programa, preguntarnos algo en concreto etc

Nos corredores do instituto hai as horas de emisión de todos e cada un dos programas de falamelide, incluído dálle lume

Recorda: DÁLLE LUME, o único programa no que poderás morrer de risa, todo un show que non poderás perder.

VIRGINIA FOCIÑOS ASTRAR, S4B